



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: Aprobación bases convocatoria contratación temporal de 3 peóns/oas para a realización de servizos mínimos municipais (PEL_CONCELLOS 2025)
EXPEDIENTE: 2024/E005/000076

Doña María Barral Varela, Alcaldesa do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

ANTECEDENTES

Visto o BOP nº 190, de data 02/10/2024, na que se aproban as bases xerais reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos básicos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025.

Visto o BOP nº 200, da data 16/10/2024, das bases reguladoras en réxime de concorrencia do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras ou servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025, (Pel CONCELLOS 2025).

Visto o BOP nº 202 de data 18/10/2024, extracto da Resolución nº 42106 de 16/10/2024 da presidencia da Deputación da Coruña pola que se convoca o programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2025).

Visto o BOP nº 22, de data 03/02/2025, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación do persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2025).

Providencia de inicio do expediente, da data 23/10/2024.

Memoria das actividades a realizar no programa de integración laboral (PEL-CONCELLOS 2025), do 07/11/2024.

Decreto de adhesión ao programa PEL-CONCELLOS 2025, de data 07/11/2024.

Informe xurídico de data 13/02/2025

Informe de intervención municipal con nota de reparo de data 27/02/2025

Resolución nº454/2025, de 28/02/2025, pola que se aproban as bases que deben rexer o proceso de selección e a convocatoria do mesmo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Resolución nº531/2025, de 12/03/2025, polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Visto que nas bases que han de rexer o proceso selectivo aprobadas por decreto nº454/2025, non queda explicitamente especificado que a duración do contrato é dun máximo de 9 meses e medio, con límite o 31 de decembro de 2025, tendo en conta que o período temporal que abarca a subvención concedida ten esa data límite de contratación, é necesario realizar unha adenda modificativa a ditas bases, co obxecto de aclarar a duración da contratación derivada de dito proceso, e de garantir a transparencia e seguridade xurídica do proceso selectivo.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Modificar as bases que han de rexer o proceso selectivo para a contratación de 3 peóns/oas para a realización de servizos mínimos municipais sustituíndo a duración de “9 meses e medio” por “un máximo de 9 meses e medio, con data límite de fin de contrato o 31 de decembro de 2025”.

SEGUNDO.- Todos os demais termos e condicións das bases legais, que non foran modificadas pola presente adenda, conservarán a súa vixencia e alcance. A presente modificación non implicará a apertura de novo prazo de presentación de solicitudes nin require a presentación de documentación adicional polos solicitantes.

TERCEIRO.- Publicar a presente adenda no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Betanzos e no BOP da Coruña.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)

María Barral Varela Adrián J. Márquez Caramés



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Bases reguladoras da convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de 3 peóns/oas, durante un máximo de 9 meses e medio, con data límite de fin de contrato o 31 de decembro de 2025, mediante oposición, correspondente ao Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2025).

1.- Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante a modalidade de contrato de duración determinada que proceda en cada caso (art 15.1 do E.T.; RD 2720/1998) de 3 peóns/oas, durante un máximo de 9 meses e medio, con data límite de fin de contrato o 31 de decembro de 2025, ao abeiro da Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 2025/3600, do 28 de xaneiro de 2025, BOP n.º 22, de 03/02/2025.

2.- Procedemento de selección

Proba práctica, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

3.- Requisitos dos aspirantes

3.1. Requisitos xerais. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro :

- a)** Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público;
- b)** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte;
- c)** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público;
- d)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público;

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

e) Estar en situación de **desemprego**, circunstancia que se acreditará presentando a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Galicia;

f) Posuír a titulación esixida:

Peóns: Certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

3.2 Requisitos específicos. Por outra banda, conforme o previsto na base específica 3.2 (requisitos do persoal a contratar), das Bases do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025 (Bop nº 200 do 16/10/2024), as persoas a contratar no programa deberán estar entre as recollidas nas devanditas bases. Estas situacións, que deberán ser cumpridas polos candidatos para ser admitidos ao proceso selectivo no momento da presentación das solicitudes para participar, serán aló menos unha das seguintes situacións, que serán acreditados fidedignamente no momento da solicitude para participar no proceso de selección por medio de informes dos servizos sociais municipais ou autonómicos, así como certificados ou documentos expedidos por unha administración pública, acreditativos da circunstancia que se faga valer para ser admitido:

Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

Maiores de 45 anos.

Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.

Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.

Persoas en situación de drogodependencia.

Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.

Persoas con fogar monoparental.

Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais

Persoas vítimas de violencia de xénero.

Persoas sen fogar

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

4.- Solicitudes

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo presentaranse preferentemente pola Sede Electrónica do Concello de Betanzos, durante o prazo de (5) CINCO DIAS HÁBILES contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico: personal@betanzos.net durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias).

Será necesario presentar orixinal ou copia da documentación relativa aos requisitos mínimos necesarios para a admisión dos/das candidatos/as, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal, no caso de non ser aportada, se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento do/a candidato/a comprobarase fehacientemente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, así como a composición do tribunal. Nesta resolución, que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, indicaranse as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas de exclusión, concedendo un prazo de (3) tres días hábiles para a corrección da documentación precisa para participar no proceso. No caso de que non existan persoas excluídas, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase na páxina web do concello e taboleiro de anuncios.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (Celga 1), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído.

5.- Tribunal de selección

O tribunal terá a seguinte composición, de acordo co art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas): Un presidente, tres vogais e un secretario, que serán nomeados na resolución de admitidos-excluídos.

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

O tribunal poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o correspondente informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

Os membros do Tribunal deberán de absterse de intervir notificando á Presidencia cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da devandita Lei.

6.- Selección de aspirantes. Fase oposición.

Constará de unha proba ou exercicio práctico referente ás funcións a realizar.

O Tribunal despois da cualificación dos aspirantes publicará a lista de aprobados, elevando a proposta de contratación á Sra. Alcaldesa-Presidenta das persoas seleccionadas por orde de puntuación.. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario.

O Tribunal publicará a lista coa cualificación definitiva dos aspirantes por orde de puntuación no Taboleiro de anuncios do Concello, así como na paxina web. No caso de que un aspirante seleccionado renunciara, considerarase proposto o seguinte da lista.

Non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo tribunal, presente, no prazo de 3 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo;

Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial;

Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve;

Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.

7.- Prazas ofertadas

7.1 Proxecto: Servizo de desbroce, limpeza e mantemento dos núcleos rurais, mediante a contratación de:

3 peóns/oas, a xornada completa por un periodo de un máximo de 9 meses e medio, con data límite de fin de contrato o 31 de decembro de 2025. Salario bruto mensual incluída a parte proporcional das pagas extras 1381,00€.

7.2. Duración do contrato: O contrato terá unha duración de un máximo de 9 meses e medio, con data límite de fin de contrato o 31 de decembro de 2025 vinculado ao devandito Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025.

8.- Funcións e tarefas obxecto de contratación

Consonte á solicitude realizada á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025, os/as traballadores que se contraten formarán parte da cuadrilla desbroce, limpeza e mantemento de núcleos rurais, mantemento, limpeza e conservación dos accesos interiores dos núcleos rurais. Tamén se farán tarefas de mantemento dos contornos de lavadoiros, igrexas, locais sociais beirarrúas e canalizacións de pluviais de titularidade municipal.

Todas estas labores de mantemento que realizarán os 3 peóns/oas, contratados para tal fin, centraranse no desbroce manual e selectivo do matorral e os pés de árbores. Ademais tamén se contempla a limpeza de camiños públicos para mellorar a visibilidade.

Este equipo de 3 peóns/oas, durante os nove meses e medio, contarán coa colaboración dunha desbrozadora municipal para optimizar este servizo de desbroce, limpeza e mantemento.

9.- Coñecemento de galego

Conforme establece a Lei de emprego público de Galicia nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do **Celga 1 ou equivalente**.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará ao aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.

10.- Criterios para a selección do persoal

10.1. Exercicio práctico: pode ter unha puntuación máxima de 10,00 puntos.

Por tratarse de prazas comprendidas no grupo de clasificación profesional B, C, ou correspondentes a persoal de oficios, este exercicio práctico consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para o exercicio práctico, dispórase dun período máximo de 30 minutos. Puntuarase de 0,00 a 10,00 puntos.

11.- Formación e funcionamento da Bolsa de Emprego

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluído os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidade do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

12.- Recursos

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

13.- Información básica sobre protección de datos persoais.

Responsable do tratamento: Concello de Betanzos, con dirección no Edificio Liceo, praza de Galicia, 1, 15300 - Betanzos.

Delegado de protección de datos: Para calquera dúbida pode dirixirse ao Delegado de Protección de datos do Concello de Betanzos: Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net.

Finalidade do tratamento: Os datos facilitados serán tratados para a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Lexitimación: A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos.

Destinatarios/as: Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

Prazo de conservación: O Concello de Betanzos conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: correo@betanzos.net.

Betanzos,..... de febreiro de 2025

A Alcaldesa – Presidenta

María Barral Varela



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO I.- Modelo de solicitude.

D/D^a.....
D.N.I./N.I.E nº.....endereço,
C.P.....Localidade.....
Teléfono.....correo electrónico.....

Informado da convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de Peón/oa mediante oposición, correspondente ao Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña PEL-Concellos 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025, (BOP nº 190 do 02/10/2024), e considerando cumprir todos os requisitos esixidos nas bases publicadas que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos na base terceira, comprométese a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado.

III. Protección de datos de carácter persoal

Responsable do tratamento: Concello de Betanzos, con dirección no Edificio Liceo, praza de Galicia, 1, 15300 - Betanzos.

Delegado de protección de datos: Para calquera dúbida pode dirixirse ao Delegado de Protección de datos do Concello de Betanzos: Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. cón que poderá contactar en correo@betanzos.net.

Finalidade do tratamento: Os datos facilitados serán tratados para a tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario.

Lexitimación: A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos.

Destinatarios/as: Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

Prazo de conservación: O Concello de Betanzos conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación

do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: correo@betanzos.net.

Tras ler a información en materia de protección de datos anterior, consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que figuran neste formulario.

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega a documentación prevista na base cuarta da convocatoria.

En.....a.....de.....de 2025

Asdo.....

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).